

Caricatura de Rosalía de Castro, orixinal de Antonio Pallas



ROSALÍA DE CASTRO

2010

125 aniversario do seu pasamento



ROSALÍA DE CASTRO

1

Rosalía de Castro nace en Santiago de Compostela o 24 de febreiro de 1837 e é bautizada ese mesmo día no Hospital Real co nome de María Rosalía Rita e rexistrada como filla de pais descoñecidos, aínda que hoxe sabemos que foi filla do sacerdote José Martínez e de María Teresa de la Cruz de Castro, de familia fidalga.

Os seus primeiros anos de vida pasaron no pazo de Ortoño, propiedade da familia paterna, pero sen contacto co seu pai nin a súa nai.

Cando Rosalía xa tiña doce anos a súa nai faise cargo dela e lévaa a vivir a Padrón e, posteriormente, a Santiago de Compostela.



Monolito adicado a Rosalía polo concello de Padrón no centenario do seu pasamento. Casa da Matanza, en Padrón.

En 1856, con dezanove anos, trasládase a Madrid, e coñece a Manuel Murguía co que casará uns anos despois e quen a poñerá en contacto con Adolfo Bécquer e con outros poetas e escritores.

É Murguía, quen a anima a publicar as súas obras, pois Rosalía, de carácter moi reservado, non tiña ningún interese na difusión das súas creacións literarias.

No ano 1859 publícase a súa primeira novela «*La hija del mar*» e, uns anos despois, o seu primeiro libro de poemas «*La Flor*», ambos os dous en lingua castelá.

Posteriormente, en 1863, aparece «*Cantares Gallegos*» e en 1880

«*Follas Novas*», dous libros de poemas, en galego, que consagrarán a Rosalía como a gran poetisa galega de todos os tempos.



Casa da Matanza, en Padrón, onde Rosalía viviu os seus últimos anos.

A obra literaria de Rosalía ten un carácter marcadamente romántico cunha expresión sinxela, tratando temas como a emigración, o amor pola terra, o descontento social, os abusos dos poderosos...

Rosalía, Valentín Lamas Carvajal, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal, son as grandes personalidades do noso Rexurdimento, movemento cultural no que a lingua galega volve a ser utilizada como idioma literario e o seu uso comeza a normalizarse coa aparición de novos autores, xornais e editoriais.

Un 15 de xullo de 1885, ahi 125 anos, falece Rosalía na súa casa de Padrón e é enterrada, baixo unha oliveira, no cemiterio padroñés de Adina, aínda que os seus restos son trasladados, seis anos despois, ao Panteón de Galegos Ilustres, no convento compostelán de San Domingos de Bonaval.



Monumento a Rosalía de Castro no Paseo do Espolón, en Padrón (A Coruña)

Manuel Antonio Martínez Murguía naceu no lugar de Froxel, na parroquia arteixán de Oseiro, no ano 1833.


Comezou en Santiago os estudos de boticario aínda que os deixou axiña para adicarse á literatura e ao xornalismo.

Traballou en Madrid en diferentes publicacións da época ao tempo que escribía varias novelas.

Foi en Madrid onde coñeceu e casou con Rosalía de Castro, formando os dous, cecais, a parella literaria e intelectual máis importante de Galicia.

Murguía foi Cronista Oficial do Reino de Galicia, fundador e primeiro presidente da Real Academia Galega, autor da «*Historia de Galicia*», do manual para as escolas galegas «*La Primera Luz*», defensor da cultura, da literatura e da lingua de Galicia... estando presente en todos os acontecementos da época que tiveron importancia para o noso país.

Disque Murguía tiña unha alma de xigante nun corpo miudiño. Morreu na Coruña á idade de noventa anos.



Caricatura de Manuel Murguía,
realizada por Siro



Recuncho do xardín da Casa da Matanza, vivenda familiar de Manuel Murguía e Rosalía en Padrón.

A OBRA DE ROSALÍA DE CASTRO 5


A obra literaria de Rosalía de Castro representa o rexurdimento da lingua e literatura galega.

Ela, xunto con Eduardo Pondal, Valentín Lamas Carvajal e Manuel Cueros Enríquez son os grandes autores galegos do século XIX.

Na época que estes autores, e outros máis, comezaron a escribir en galego o noso idioma non estaba considerado como lingua literaria, a pesar de que a gran maioría da poboación usábao de maneira cotiá, pero moi pouca xente se atrevía a escribir nel.

O libro de poemas de Rosalía «*Cantares Gallegos*» é a primeira obra mestra da literatura galega contemporánea.

A esta obra vaina seguir o outro gran libro de poemas «*Follas Novas*», tamén en galego e editado en 1880, que pode ser considerado como a principal creación poética da literatura galega do século XIX.



Primeira edición de «*Follas Novas*», de Rosalía de Castro, en 1880

Rosalía de Castro inicia o Rexurdimento da lingua e cultura galega coa publicación do seu libro de poemas «*Cantares Gallegos*», escrito no noso idioma. Esta publicación, no ano 1863, significa a madurez da nosa lingua para elaborar, de novo, textos literarios, pois dende a Idade Media non se volvera a escribir en galego.

Houbo outros autores que tamén contribuíron a este Rexurdimento:

- Manuel Curros Enríquez, que publicou «*Aires da miña terra*».
- Valentín Lamas Carvajal, coa súa obra «*Saudades Gallegas*».
- Eduardo Pondal, co seu libro «*Queixumes dos pinos*» no que figura o seu poema «*Os pinos*» que serve de letra ao noso himno.

Nestes anos aparece un xornal escrito en lingua galega, «*O Tío Marcos da Portela*», editado por Lamas Carvajal e que tivo un enorme éxito e que propiciou a aparición doutros xornais: «*A Monteira*», en Lugo, «*As Burgas*», en Ourense e «*O Galiciano*», en Pontevedra.



Manuel Curros Enríquez



Eduardo Pondal

PANTEÓN DE GALEGOS ILUSTRES 7

O Panteón de Galegos Ilustres encóntrase no Convento de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela

A idea de crear un lugar onde puideran repousar os restos de galegos e galegas que traballaran por Galicia partiu dos emigrantes galegos en Cuba.

A primeira en ser trasladada a este Panteón foi Rosalía de Castro, o 25 de maio de 1891, seis anos despois da súa morte.

Os seguintes restos trasladados foron os de Alfredo Brañas, en 1900 e quedaron colocados fronte o mausoleo de Rosalía.

En 1961 foi enterrado o escultor Francisco Asorey e, posteriormente, o poeta Ramón Cabanillas, que foi trasladado dende o cemiterio de Cambados.

En 1984 o Panteón recibiu os restos do político, escritor e debuxante Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, que fora trasladado dende a capital arxentina de Buenos Aires.

Finalmente, en 1988, foi enterrado o xeógrafo Domingo Fontán.



Mausoleo de Rosalía de Castro no Panteón de Galegos Ilustres, en Santiago.

*As de cantar
que che hei de dar zonchos;
as de cantar
que che hei de dar moitos.*


As de cantar
meniña gaiteira,
as de cantar,
que me morro de pena.

Canta, meniña,
na veira da fonte,
canta, dareiche
boliños do pote.

Canta, meniña,
con brando compás,
dareiche unha proia
da pedra do lar.

Papiñas con leite
tamén che darei,
sopiñas con viño,
torrixas con mel.

Patacas asadas
con sal e vinagre,
que saben a noces,
que ricas que saben!



Cantarte hei Galicia
teus doces cantares,
que así mo pediron
na beira do *mare*.


Cantarte hei Galicia,
na lingua galega,
consolo dos males,
alivio das penas.

Mimosa, soave,
sentida, queixosa;
encantada se ri,
conmove se chora.

Cal ela, ningunha
tan doce que cante
soidades amargas,
sospiros amantes.

Misterios da tarde,
murmurios da noite:
cantarte hei Galicia
na beira das fontes.

Que así mo pediron,
que así mo mandaron,
que cante e que cante,
na lingua que eu falo...



*Nosa Señora da Barca
ten o tellado de pedra;
ben o puidera ter de ouro
miña Virxe se quixera.*

Canta xente..., canta xente
por campiñas e por veigas!
Canta polo mar abaixo
vén camiño da ribeira!
que lanchas tan ben portadas
con aparellos de festa!
Que botes tan feituquiños,
con tan feituquiñas velas!
Todos cargadiños veñen
de xentiña forasteira
e de rapazas bonitas
cura de todas as penas...



Un repoludo gaiteiro
de pano sedán vestido
como un príncipe cumprido,
cariñoso e falangueiro,
entre os mozos o primeiro
e nas cidades sen par,
tiña costume en cantar
aló pola mañanciña:
*Con esta miña gaitiña
as nenas hei de enganar.*

Sempre pola vila entraba
con aquel de señorío,
sempre con puxante brío
co tambor se acompasaba;
e se na gaita sopraba,
era tan doce soplar,
que ben fixera en cantar
aló pola mañanciña:
*Con esta miña gaitiña
as nenas hei de enganar...*



O Gaiteiro, óleo de Luís Seoane

CAMPANAS DE BASTABALES

12

Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.

Cando vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sen querer torno a chorar.

Cando de lonxe vos oio,
penso que por min chamades,
e das entrañas me doio.

Doiome de dor ferida,
que antes tiña vida enteira
e hoxe teño media vida.

Solo media me deixaron
os que de aló me trouxeron
os que de aló me roubaron.



Torre da igrexa de Bastabales, no concello de Brión (A Coruña)


De «Cantares Gallegos», de Rosalía de Castro

AIRIÑOS, AIRIÑOS AIRES

13

*Airiños, airiños aires,
airiños da miña terra;
airiños, airiños aires,
airiños, levaiame a ela.*

Sen ela vivir non podo,
non podo vivir contenta,
que onde queira que eu vaia,
cúbreme unha sombra espesa.
Cúbreme unha espesa nube
tan preñada de tormentas,
tal de soidás preñada,
que a miña vida envelena.
Levaiame, levaiame airiños
como unha folliña seca,
que seca tamén me puxo
a calentura que queima.
Ai!, se non me levades pronto,
airiños da miña terra;
se non me levás airiños
cecais xa non me coñezan...



Pazo de Lestrove, en Padrón (A Coruña)

De «Cantares Gallegos», de Rosalía de Castro